



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 16 · Venres, 20 xaneiro 2017

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Ourense

- Bases do concurso "II Concurso de fotografía "Mascotas adoptadas responsablemente" no Concello de Ourense" 2
- Bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de 5 prazas de Policía Local (4 por oposición libre e 1 por mobilidade), correspondente à oferta pública de emprego 2014 4

Ribadavia

- Aprobación definitiva do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2017 16

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

- Bases del concurso "II Concurso de fotografía "Mascotas adoptadas responsablemente" en el Ayuntamiento de Ourense" 3*
- Bases y convocatoria del proceso selectivo para la cobertura de 5 plazas de Policía Local (4 por oposición libre y 1 por mobilidade), correspondiente a la oferta pública de empleo 2014 10*

Ribadavia

- Aprobación definitiva del presupuesto municipal correspondiente al ejercicio económico de 2017 18*



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

II Concurso de fotografía “mascotas adoptadas responsablemente” no Concello de Ourense

Bases do concurso

I Participantes

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos que tivese adoptado un animal no albergue municipal de animais (canceira municipal). As fotografías deben ser orixinais que non estivesen á espera da decisión do xurado ou resultasen premiadas noutro concurso ou certame fotográfico.

II Temática

O tema principal será a adopción de mascotas, referíndose a animais adoptados no albergue municipal de animais (a cancelleira municipal do Concello de Ourense). O obxectivo é potenciar esta a actividade para darlle maior calidade de vida aos animais. Nas fotografías obrigatoriamente debe aparecer o animal adoptado.

III Obras

Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 fotografías. As obras deberán entregarse en papel fotográfico sen ningún tipo de montaxe nun formato aproximado de 20x30cm. No dorso de cada fotografía deberá figurar un pseudónimo ou lema que será común para as fotografías presentadas por unha mesma autoría. As fotografías non poderán estar asinadas nin ter datos identificativos, agás o pseudónimo ou lema.

As obras presentadas deberán achegar tamén en soporte informático (formato TIFF resolución de 300 ppp e aconsellable espazo de cor Adobe RGB 1998). O CD deberá estar identificado co mesmo pseudónimo ou lema que o das fotografías.

Non se aceptarán fotografías realizadas por persoas distintas ao autor ou que non sexan propiedade deste. O/a participante garante e manifesta que é o/a único/a titular dos dereitos de autor sobre as fotografías que presenta e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

IV Envío das obras

As obras remitiranse por correo certificado, por axencia ou en man e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, nun sobre pechado coa única indicación de:

II Concurso Fotografía Concello de Ourense: Mascotas adoptadas responsablemente 2016. Lema:

Concello de Ourense, Rexistro Xeral, Praza Maior, s/n 32005 Ourense.

Dentro do sobre xeral incluíranse as fotografías, co seu lema, o CD e outro sobre pechado no que deben figurar os datos seguintes:

- Nome e apelidos, enderezo, código postal, municipio, provincia, país, teléfono/s de contacto, e-mail, fotocopia DNI, declaración asinada do/a autor/a de conformidade coas bases e declaración coa cesión de dereitos de imaxe ao autor/a por parte das persoas fotografadas.

- Folla q acredite a adopción do animal no albergue municipal (canceira municipal).

V Prazo de admisión

O prazo de admisión de solicitudes será de sesenta días naturais contados a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

VI Xurado

O xurado estará composto pola concelleira de Sanidade en calidade de presidenta, unha secretaria que será unha empre-

gada da Concellería de Sanidade con voz e voto; Os vogais serán: un profesor de fotografía, designado pola Escola de Artes Aplicadas Antón Failde; e un membro de PROGAPE.

O xurado poderá resolver as situacións non expresadas na convocatoria, así como aquelas dúbidas que se presenten sobre a súa interpretación sempre que non contradigan o seu contido esencial. Para o correcto funcionamento do xurado será necesario, cando menos, que estean presentes, a presidenta, a/o secretaria/o e un vocal.

VII Resolución

Para elixir as fotografías gañadoras o xurado reunirse e tomará a decisión correspondente mantendo o anonimato das fotografías. Unha vez decididas as fotografías gañadoras, o xurado procederá á apertura dos sobres que conteñen os datos persoais.

Excluíranse aquelas fotografías que non reúnan un mínimo imprescindible de calidade ou que poidan resultar ofensivas ou de mal gusto. Tamén se descartarán aquelas fotografías nas que non quede garantido o anonimato ata a resolución do concurso, as que non expresen a cesión de dereitos de autoría e, en xeral, as que supoñan incumprimento destas bases.

Os criterios de valoración do xurado serán a orixinalidade, a creatividade e a calidade fotográfica; así coma a contribución á visibilización da adopción responsable de animais. A decisión do xurado será definitiva e inapelable.

O xurado resérvase o dereito de declarar desertos os premios ou mesmo a decisión de compartir os premios. A decisión do xurado farase pública e seralles notificada de forma oficial ás persoas premiadas. O Concello de Ourense difundirá esta información nos medios de comunicación, na web www.ourense.es/saude, e a través dos canais que crea conveniente.

VIII Premios

Un primeiro premio dotado con 500 €

Un segundo premio dotado con 200 €

Catro accésits dotados con 70 € cada un

Os premios non se entregarán en metálico aos/as gañadores/as senón que o premio consistirá en que os/as gañadores/as indiquen a que asociación legalmente constituída, con enderezo en Ourense, e cuxo obxecto sexa a protección de animais, se lle debe entregar a cantidade en metálico do/s premio/s.

IX Uso das obras

O autor ou autora autoriza gratuíta e expresamente que as fotografías que se presenten a este concurso poidan ser obxecto de exposición pública. Os dereitos de autoría mantéñense. Agora ben, as persoas autoras das fotografías premiadas cederánlle gratuítamente ao Concello de Ourense os dereitos de uso, reprodución, difusión, distribución, publicación, transformación, así como calquera outro dereito de explotación que puidese dar lugar, sobre as obras fotográficas, por si ou por terceiros sen limitación de tempo, citando sempre que sexa posible o nome da autoría.

X Devolución das obras

As obras non premiadas poderán ser retiradas, persoalmente ou mediante delegación, na Concellería de Saúde na rúa Concordia, 20, entreplanta, en Ourense, nun prazo de 6 meses desde a data da resolución. Aquelas persoas non residentes na cidade que desexen a devolución das fotografías, terán que achegar un sobre franqueado e con etiqueta cuberta cos seus datos de envío. A organización do certame entende que de non cumprir estes requisitos a persoa renuncia á devolución das fotografías, polo que procederá á súa destrución.

XI Aceptación das bases

A participación no concurso leva implícito o coñecemento e a total aceptación destas bases e a decisión inapelable do xura-

do. As obras que non cumpran con estes requirimentos quedarán excluídas do concurso en calquera fase do certame

O alcalde. Asdo.: Jesús Vázquez Abad.

II Concurso de fotografía “mascotas adoptadas responsablemente” en el Ayuntamiento de Ourense

Bases del concurso

I Participantes

Podrá participar en el concurso cualquier persona mayor de 18 años que hubiera adoptado un animal en el albergue municipal de animales (perrera municipal). Las fotografías deben ser originales que no estuvieran a la espera de la decisión del jurado o resultaran premiadas en otro concurso o certamen fotográfico.

II Temática

El tema principal será la adopción de mascotas, refiriéndose a animales adoptados en el albergue municipal de animales (la perrera municipal del Ayuntamiento de Ourense). El objetivo es potenciar esta actividad para dar mayor calidad de vida a los animales. En las fotografías obligatoriamente debe aparecer el animal adoptado.

III Obras

Cada concursante podrá presentar un máximo de 2 fotografías. Las obras deberán entregarse en papel fotográfico sin ningún tipo de montaje en un formato aproximado de 20x30cm. En el dorso de cada fotografía deberá figurar un seudónimo o lema que será común para las fotografías presentadas por una misma autoría. Las fotografías no podrán estar firmadas ni tener datos identificativos, excepto el seudónimo o lema.

Las obras presentadas deberán aportar también en soporte informático (formato TIFF resolución de 300 ppp y aconsejable espacio de color Adobe RGB 1998). El CD deberá estar identificado con el mismo seudónimo o lema que el de las fotografías.

No se aceptarán fotografías realizadas por personas distintas al autor o que no sean propiedad de este. La/el participante garantiza y manifiesta que es el/la único/a titular de los derechos de autor sobre las fotografías que presenta y se responsabiliza totalmente de que no existan derechos de terceros en las obras presentadas, así como de toda reclamación de terceros por derechos de imagen.

IV Envío de las obras

Las obras se remitirán por correo certificado, por agencia o en mano y se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento de Ourense, en un sobre cerrado con la única indicación de:

II Concurso Fotografía Ayuntamiento de Ourense: Mascotas adoptadas responsablemente 2016. Lema:

Ayuntamiento de Ourense, Registro General, Plaza Mayor, s/n 32005 Ourense.

Dentro del sobre general se incluirán las fotografías, con su lema, el CD y otro sobre cerrado en el que deben figurar los datos siguientes:

- Nombre y apellidos, dirección, código postal, municipio, provincia, país, teléfono/s de contacto, e-mail, fotocopia DNI, declaración firmada del/de la autor/a de conformidad con las bases y declaración con la cesión de derechos de imagen al autor/a por parte de las personas fotografiadas.

- Hoja que acredite la adopción del animal en el albergue municipal (perrera municipal).

V Plazo de admisión

El plazo de admisión de solicitudes será de sesenta días naturales contados a partir de la publicación de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia.

VI Jurado

El jurado estará compuesto por la concejal de Sanidad en calidad de presidenta, una secretaria que será una empleada de la Concejalía de Sanidad con voz y voto; Los vocales serán: un profesor de fotografía, designado por la Escuela de Artes Aplicadas Antón Failde; y un miembro de PROGAPE.

El jurado podrá resolver las situaciones no expresadas en la convocatoria, así como aquellas dudas que se presenten sobre su interpretación siempre que no contradigan su contenido esencial. Para el correcto funcionamiento del jurado será necesario, cuando menos, que estén presentes, la presidenta, el/la secretario/a y un vocal.

VII Resolución

Para elegir las fotografías ganadoras el jurado se reunirá y tomará la decisión correspondiente manteniendo el anonimato de las fotografías. Una vez decidido las fotografías ganadoras, el jurado procederá a la apertura de los sobres que contienen los datos personales.

Se excluirán aquellas fotografías que no reúnan un mínimo imprescindible de calidad o que puedan resultar ofensivas o de mal gusto. También se descartarán aquellas fotografías en las que no quede garantizado el anonimato hasta la resolución del concurso, las que no expresen la cesión de derechos de autoría y, en general, las que supongan incumplimiento de estas bases.

Los criterios de valoración del jurado serán la originalidad, la creatividad y la calidad fotográfica; así como la contribución a la visibilización de la adopción responsable de animales. La decisión del jurado será definitiva e inapelable.

El jurado se reserva el derecho de declarar desiertos los premios o incluso la decisión de compartir los premios. La decisión del jurado se hará pública y será notificada de forma oficial a las personas premiadas. El Ayuntamiento de Ourense difundirá esta información en los medios de comunicación, en la web www.ourense.es/saude, y a través de los canales que crea conveniente.

VIII Premios

Un primer premio dotado con 500 €

Un segundo premio dotado con 200 €

Cuatro accésits dotados con 70 € cada uno

Los premios no se entregarán en metálico a los/las ganadores/as sino que el premio consistirá en que los/las ganadores/as indiquen a que asociación legalmente constituida, con dirección en Ourense, y cuyo objeto sea la protección de animales, se le debe entregar la cantidad en metálico del/de los premio/s.

IX Uso de las obras

El autor o autora autoriza gratuita y expresamente que las fotografías que se presenten a este concurso puedan ser objeto de exposición pública. Los derechos de autoría se mantienen. Ahora bien, las personas autoras de las fotografías premiadas cederán gratuitamente al Ayuntamiento de Ourense los derechos de uso, reproducción, difusión, distribución, publicación, transformación, así como cualquier otro derecho de explotación que pudiera dar lugar, sobre las obras fotográficas, por sí o por terceros sin limitación de tiempo, citando siempre que sea posible el nombre de la autoría.

X Devolución de las obras

Las obras no premiadas podrán ser retiradas, personalmente o mediante delegación, en la Concejalía de Salud en la calle Concordia, 20, entresuelo, en Ourense, en un plazo de 6 meses desde la fecha de la resolución. Aquellas personas no residentes en la ciudad que deseen la devolución de las fotografías, tendrán que aportar uno sobre franqueado y con etiqueta cubierta con sus datos de envío. La organización del certamen entiende que



de no cumprir estos requisitos la persona renuncia a la devolución de las fotografías, por lo que procederá a su destrucción.

XI Aceptación de las bases

La participación en el concurso lleva implícito el conocimiento y la total aceptación de estas bases y la decisión inapelable del jurado. Las obras que no cumplan con estos requerimientos quedarán excluidas del concurso en cualquier fase del certamen

El alcalde. Fdo.: Jesús Vázquez Abad.

R. 57

Ourense

Concellería de Recursos Humanos

Por Decreto de Concellería de Recursos Humanos do 29 de decembro de 2016 e número de rexistro 2016008950 foron aprobadas as bases para a cobertura de 5 prazas de policía local, 4 por oposición libre e 1 por mobilidade, correspondentes á oferta pública de emprego para o ano 2014.

Bases

“As presentes bases regulan o sistema selectivo de oposición libre de 4 prazas de funcionarios de carreira e 1 praza por mobilidade, pertencentes á escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, subgrupo C1. O prazo de presentación de solicitudes mediante instancia xeral dirixida ao alcalde no prazo de 20 días naturais comezará ao día seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Ademais dos anuncios anteriores, a convocatoria deberá facerse pública no taboleiro de edictos do Concello de Ourense e na web municipal. Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da Corporación e cando proceda segundo a normativa vixente no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

1.-Clasificación da praza. Escala de administración especial. Subescala de servizos especiais. Clase: escala básica, categoría Policía Local.

2.-Dotación económica. As retribucións correspondentes ao subgrupo C1, concretadas na relación orzamentaria para os policías locais.

3.- Requisitos esixidos. Ademais dos previstos na convocatoria unitaria, os requisitos necesarios son os seguintes:

A) Para participar na quenda libre, os requisitos enuméranse a continuación:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.

d) Estar en posesión do título de Bacharelato, técnico de Formación Profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia. Así mesmo, e para os seus efectos de acceso a empregos públicos, a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considerarase equivalente á obtención do título de bacharel, sempre que se acredite algún dos requisitos establecidos no artigo 4.3 da Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño.

e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais

e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h) Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición (Anexo II), o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

O certificado axustarase ao seguinte modelo: “Don/dona ... reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física esixidas no Anexo II da convocatoria específica para a provisión en propiedade de cinco prazas de Policía Local do Concello de Ourense”.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

B) Para participar no concurso para a mobilidade de funcionarios doutros corpos da Policía Local de Galicia, os requisitos son:

- Estar en posesión do título de Bacharelato, técnico de Formación Profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia. Así mesmo, e para os seus efectos de acceso a empregos públicos, a superación das probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considerarase equivalente á obtención do título de bacharel, sempre que se acredite algún dos requisitos establecidos no artigo 4.3 da Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño.

- A validación a acreditación da cal se esixe deberá presentarse mediante certificación emitida polo órgano competente ao respecto.

- Ostentar, en propiedade, a categoría de policía noutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Ter una antigüidade mínima de tres anos na citada categoría.

- Faltar, como mínimo, 12 anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

- De conformidade co establecido na relación de postos de traballo do Excmo. Concello de Ourense, ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B, comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes ata o momento da xubilación. A obtención dos permisos das clases C1 e D1 implica a concesión da autorización BTP.

4.-Número de prazas que se convocan. Catro por quenda libre, e unha para a mobilidade de funcionarios doutros corpos de Policía Local de calquera concello de Galicia.

5.-Sistema de selección: oposición libre para a quenda libre e concurso para a mobilidade.

6.-Dereitos de exame: 40,00 €, de conformidade co disposto polas bases xerais para o ingreso no Excmo. Concello de Ourense para funcionarios e laborais fixos por oposición libre, concurso-oposición ou concurso no prazo de presentación de solicitudes, agás, as persoas que figurasen como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de seis meses anteriores á data de convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación. Para iso deberá presentarse o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.

7.-Presentación de instancias: as instancias nas que se solicita participar no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cubertas, durante o prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio de cada convocatoria no

Boletín Oficial do Estado. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á instancia acompañarase inescusablemente.

- Fotocopia do DNI.
- Carta de pagamento acreditativa de aboar, coas excepcións sinaladas no punto anterior, o importe dos dereitos de exame ou resguardo do xiro postal ou telegráfico do seu abono, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora vixente no prazo de presentación de solicitudes.

Os dereitos de exame só serán devoltos aos que non fosen admitidos ás probas selectivas por non reunir os requisitos esixidos.

- Fotocopia compulsada do título de Bacharelato, técnico de formación profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia.

- Fotocopia compulsada dos permisos de condución que constitúen requisitos de participación, así como declaración xurada comprometéndose a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo, como funcionario de carreira, no corpo da Policía Local.

- Declaración xurada de portar armas e, se é o caso, chegar a utilizalas.

- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican no Anexo II. O certificado deberá axustarse ao modelo descrito no punto 8 do apartado 3 da presente convocatoria.

8.-Obriga dos aspirantes de concorrer ás probas. De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que conorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, darase por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As presentes bases establecen que as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que

estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

9.-Composición do tribunal. O tribunal estará composto do seguinte modo:

O tribunal estará constituído por cinco titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a e a súa composición axustarase ao que dispoñen as bases xerais para o ingreso no Excmo. Concello de Ourense para funcionarios e laborais fixos por oposición libre, concurso-oposición ou concurso. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas nas distintas probas, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto.

10.-Nomeamento de funcionarios en prácticas. Os aspirantes que superen a fase de oposición, e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, serán nomeados funcionarios en prácticas, e percibirán con cargo á Corporación, as retribucións correspondentes.

Así mesmo, para poder ser nomeados policías e, de conformidade co disposto no art. 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais e o art. 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, a superación dun curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), será requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade dentro da mesma categoría dende outros corpos da Policía Local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais considerárase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Academia, incluídas as probas de carácter extraordinario perderá todos os dereitos alcanzados no proceso selectivo.

11.-Contido do proceso selectivo, por oposición libre, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

A oposición constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte os que non houberen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles e pola orde que se sinala a continuación, tendo en conta que dende a finalización dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas.

Primeiro exercicio: proba de coñecementos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e relacionado coas materias comprendidas no Anexo III desta convocatoria. Os aspirantes disporán dun tempo máximo de 2 horas para a súa realización.

Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de cinco puntos para superalo, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N=[(A-(F/3))/10]$$



Sendo N = Nota final da proba, A = Preguntas acertadas; F= Preguntas falladas ou non contestadas.

Segundo exercicio: proba de coñecemento da lingua galega

Consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 1 hora. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

Esta proba estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que estimen mais axeitadas para a súa comprobación. O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que estivesen en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV ou equivalente estarán exentos da realización do presente exame.

Terceiro exercicio: probas físicas

Este primeiro exercicio consistirá en realizar todas as probas físicas que se indican no Anexo II. Dentro deste exercicio incluírase a comprobación da altura.

A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación do candidato.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto.

Cuarto exercicio: proba psicotécnica

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terá que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

Consistirá na realización de dúas probas:

a) Proba de intelixencia. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou algúns dos seguintes factores: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

b) Probas de personalidade. As probas orientarase á avaliación dos trazos de personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou de personalidade. Entre outros, exploraranse os seguintes aspectos: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de afrontar o estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas dúas probas anteriores serán contrastados mediante unha proba individual que consistirá na contestación a un cuestionario formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos.

Á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Quinto exercicio: proba de recoñecemento médico

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas, e o seu fin é garantir que os aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Para os efectos de exclusión dos aspirantes terase en conta o seguinte:

1.-Obesidade/delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifesta que dificulte ou incapacite para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2.- Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico así como os criterios dos especialistas médicos correspondentes.

12.- Mobilidade de funcionarios doutros corpos da Policía Local de Galicia: consistirá nun concurso de méritos de conformidade co baremo recollido no Anexo I da presente convocatoria.

Publicidade do proceso selectivo. A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste concello, e na páxina web do Concello de Ourense, (www.ourense.es), sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da presente convocatoria que non resulten cubertas á súa cualificación final. A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición, para a quenda libre, e de concurso, para a quenda de mobilidade, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas, todo iso de acordo ao previsto no art.13 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, da Xunta de Galicia. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos establecidos no punto 3 da presente convocatoria.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécense a seguinte orde de prioridade:

1.º. Por ser un grupo con infrarepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no art. 37 da Lei de igualdade de Galicia, preferencia da muller respecto ao home.

2.º. Menor tempo acadado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos, apartado A.1.1 das probas físicas.

3.º. Menor tempo acadado na proba A.1.4. de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, apartado A.1.4 das probas físicas.

Anexo I

—Fase de concurso

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A.1. Titulacións académicas

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

– Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.

– Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.

– Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.

– Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.1: 4,00 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A.2. Antigüidade

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

– Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.

– Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.

– Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Puntuación máxima do apartado A.2.: 4,00 puntos.

Non se computarán para os efectos de valorar a antigüidade nesta fase de concurso os tres anos de antigüidade que se exigen como requisito de acceso para participar neste sistema de promoción interna.

A.3. Formación e docencia

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

– Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

– Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.

– Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

– Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

– Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.

– Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.

– Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.

– Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.

– Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.

– Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

– Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.

– Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvoltas nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

– Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

– Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3. deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

Puntuación máxima do apartado A.3.: 8,00 puntos.

A.4. Distincións e recompensas oficiais

– Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.

– Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.

– Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.

– Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.

– Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

Puntuación máxima da epígrafe A.4.: 2,00 puntos.

A.5. Idiomas

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

– Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.

– Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

– Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.

– Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.

– Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.



Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.5.: 4,00 puntos.

A.6. Lingua galega

– Celga 1: 0,25.

– Celga 2: 0,50.

– Celga 3: 0,75.

– Celga 4: 1,00.

– Curso de Iniciación: 0,75.

– Curso de Perfeccionamento: 1,00.

– Curso de Linguaxe Administrativa Nivel Medio: 1,50.

– Curso de Linguaxe Administrativa Nivel Superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Puntuación máxima do apartado A.6.: 2,00 puntos.

A puntuación de cada aspirante na fase de concurso será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado, tendo en conta o límite establecido en cada un deles e ponderada do xeito establecido nas bases.

Anexo II

A.1.-Comprobación da estatura e probas físicas

Comprobación da estatura

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non alcancen a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas

As probas de aptitude física terán a cualificación de “apto” ou “non apto”. Para obter a cualificación de “apto” é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 e A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que se poderán facer de forma colectiva se así o considero o tribunal. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitírase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de “apto”.

